



1.- II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (BIOAPP2016)

O **II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (BIOAPP2016)**, con aplicación ás Ciencias da Saúde, á Ecoloxía e ás Ciencias do Medio Ambiente, terá lugar os días **30 de xuño, 1 e 2 de xullo de 2016** na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

Este encontro temático está organizado pola Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) e pola Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE) como continuación de dous encontros previos organizados polas dúas sociedades: o I Encontro Luso-Galaico de Biometría, que se celebrou en Braga (Portugal) do 14 ao 16 de xullo de 2013, e o I Encontro Luso-Galaico de Estatística no Medio Ambiente e na Ecoloxía (EES2014), que se celebrou en Vila Real (Portugal) do 6 ao 8 de novembro de 2014.

O programa do encontro inclúe 4 sesións plenarias, 4 sesións invitadas, unha mesa redonda, e sesións de comunicacións orais e posters, ademáis de un minicurso sobre análise de supervivencia.

Datas importantes:

- Data límite de envío de resumos: 31 de marzo de 2016.
- Notificación da decisión: 20 de abril de 2016.
- Data límite de inscrición a prezo reducido: 30 de abril de 2016.

Máis información: <http://biometria.sgapeio.es>

2.-Seminario de Iniciación á Investigación

Dentro dos Seminarios de Iniciación á Investigación (SII), o mércores 25 de novembro terá lugar a seguinte charla na aula 5 da Facultade de Matemáticas:

Título: Modelización onomástica.

Ponente: María José Ginzo Villamayor.

Resumo: Os apelidos poden ser utilizados como unha fonte de información para caracterizar a poboación dunha rexión, dado que a análise dos patróns que se observan na distribución dos apelidos reflicte aspectos importantes dos movementos poboacionais. As investigacións desenvolvidas no contexto de estudo, ata a data, non teñen en conta a dimensión espacial e espazo-temporal da evolución dos apelidos; por iso, este traballo céntrase na introdución de métodos estatísticos para o procesamento de datos e o modelado en xeolingüística, especificamente, nos apelidos de Galicia.

Data e hora: 25 de novembro de 2015 ás 17:00 horas.

3.- Winter School in Statistics

Os días 28 e 29 de xaneiro de 2016 celebrarase o curso “**Winter School in Statistics**” en Louvain-la-Neuve.

Os ponentes do curso son:

- Prof. Mark Girolami (Department of Statistics, Warwick): *Simulation based statistical inference from dynamical systems.*
- Prof. Paul H.C. Eilers (Erasmus Medical Centre, Rotterdam): *Recent developments in P-splines for multi-dimensional smoothing.*
- Prof. Richard Samworth (Statistical Laboratory, Cambridge): *High-dimensional statistical inference.*

Máis información: <http://www.uclouvain.be/529740>

4.- Oferta de emprego de analista estatístico

A empresa GRADIANT busca un analista estatístico cos seguintes requisitos:

- Un ano ou máis de experiencia na análise de datos.
- Grao en Matemáticas ou Enxeñería.
- Valorarase a experiencia en programación.

Máis información: <http://eio.usc.es/pub/mte/descargas/StatisticalAnalystGradiant.pdf>

5.- Ofertas de emprego para estatísticos

A empresa CONENTO oferta dous postos para licenciados en Matemáticas, Enxeñería Estatística, Enxeñería de Sistemas ou Estatística:

- Analista experto que xestione diferentes tipoloxías de proxectos da compañía (Marketing Mix Modelling, Xeomarketing, CRM, investigación) e con experiencia en análise de Big Data.
- Analista senior para o equipo de Analytics.

Máis información: <http://www.conento.com/ofertas-de-empleo.jsp>

Un saúdo,

SGAPEIO

Facultade de Matemáticas

Campus Vida, s/n

15782 Santiago de Compostela

A Coruña (ESPAÑA)

E-mail: secretaria@sgapeio.es

Web: <http://www.sgapeio.es>